

SEGURIDADE

AREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPALCONCELLO
DE VIGO

BANDO

(TEXTO DEFINITIVO SEGÚN DECRETO DO ALCALDE DE 29/12/25, EXPTE: 147174/210).

Ante a proximidade das Festas do Nadal onde prolifera a venda e mailo uso de artificios de pirotecnia recreativa (petardos, bengalas, tracas, etc), lémbrolle a toda a cidadanía, as normas cuxo cumprimento cómpre observar para garantir a tranquilidade e seguridade cidadá

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá.
- Real Decreto 989/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o regulamento de artigos pirotécnicos cartuchería e mailas súas instrucións complementarias, entre a que destaca, a instrución núm.17 que regula as normas sobre venda ao público de artigos pirotécnicos.
- Real Decreto 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

DETERMINACIÓNS DE INTERESE XERAL**Está prohibida:**

- A venda e a subministración de produtos pirotécnicos por persoas físicas ou xurídicas que non contén coa autorización da Delegación do Goberno. As preceptivas autorizacións exhibiranse en lugares ben visibles nos establecementos de venda. Asemade, a licenza municipal de actividade do establecemento debe autorizar expresamente a venda destes produtos.
- A venda dos artificios a quen se atope baixo os efectos de bebidas alcohólicas ou substancias estupefacientes.
- O envío de produtos ao público por correspondencia, mensaxería ou outro tipo de transporte, así como a venda ambulante de artigos pirotécnicos.
- A fabricación, circulación e venda de calquera obxecto para uso infantil que presente, externamente, substancias explosivas ou detonantes susceptibles de contacto directo. Para a circulación e venda de produtos pirotécnicos infantís, será necesario que figuren neles a marca ou cabeceira do fabricante e o número que teña asignado polo Ministerio de Industria. Cando non sexa posible a marcaxe directa no produto, farase no envase que o conteña. Os produtos infantís de importación deberán cumprir as mesmas condicións que os nacionais.
- Aos menores de 12 anos, a subministración e uso de artificios pirotécnicos, con excepción dos pistóns de percusión para xoguete. Enténdese como pistóns de percusión para xoguete, aquelas envolturas ou cápsulas non metálicas que conteñen un toque de composición pirotécnica sensible ao impacto e que produce unha pequena detonación cando se golpea.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/12/2025 12:01

Páxina 1 de 2

147174-210

CSV: ABA9D9-892FBB-892C5C-F44ARE-F45A5C-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- A manipulación e uso de artificios pirotécnicos das clases F1, F2 e F3 de ruído impulsivo de ata 120 db (A, imp) nas vías e espazos públicos de titularidade municipal, excepto cando ante a notoria falta de concorrencia pública (normal ou puntual, como peón ou usuario de vivenda, de vehículo ou en exercicio doutra actividade humana) o uso dos devanditos artificios non comprometa a tranquilidade, o descanso e o libre desenvolvemento da personalidade dos potenciais afectados, a integridade dos animais de compañía e en definitiva un medio ambiente adecuado á devandita finalidade. En todos os demais casos terá a consideración de uso común especial suxeito a autorización municipal.

OBSERVANCIA DO SEU CUMPRIMENTO

A Policía Local, coa colaboración dos demais Corpos e Forzas de Seguridade, velará polo estrito cumprimento da lexislación vixente, e denunciará as infraccións que ao respecto se cometan que serán sancionadas, chegado o caso, como faltas pola Administración competente, sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais que se deriven dos feitos. As sancións irán acompañadas da incautación do material, e, de sé- lo caso, conlevarán o peche do establecemento responsable.

Esta Alcaldía espera unha positiva resposta de toda a cidadanía no cumprimento deste Bando.

O XEFE DE ÁREA DE SEGURIDADE

ANTONIO VIVERO MIJARES

O ALCALDE

ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

(Vigo, na data da sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/12/2025 12:01	Páxina 2 de 2
147174-210	CSV: ABA9D9-892FBB-892C5C-F44ARE-F45A5C-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		